



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA ALUMNADO

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 8 de outubro de 2018), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO** segundo as seguintes normas:

1. A Orde do 21 outubro de 1996 no seu punto 8 referencia ó artigo 43 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria onde se determina a composición dos consellos escolares nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades (o noso centro) e que é a seguinte:

- O director, que será o seu presidente.
- Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- Dous profesores elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no Consello Escolar.
- Un representante dos pais/nais/responsables de alumnos.
- Un alumno.

2. Esta convocatoria é para a renovación total de representantes de alumnado, profesorado e pais/nais/responsables.

3. En virtude do anterior na presente convocatoria cabe a elección de 1 REPRESENTANTE DE ALUMNADO Ó CONSELLO ESCOLAR

4.- O censo de alumnado está exposto a partir 07-11-2019 no taboleiro de anuncios do alumnado no Hall do centro.

5.- **As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir das 08:30 horas do día 8 ata as 14'00 horas do día 16 de novembro na Secretaría do noso centro.**

6.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e dous alumnos/as elixidos por sorteo público (máis a previsión da mesma cantidade de suplentes), actuando o menor de idade como secretario.

7.- Alumno/a fará constar na papeleta un máximo de 1 nome da lista de candidatos.

8.- O voto será directo, secreto e non delegable.

9- **A Votación levarase a cabo no Salón de Actos do IES Ramón Caamaño o día 27 de Novembro de 2018 das 10:30 ás 12:30 horas.**

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 7 de novembro de 2018

O DIRECTOR DO CENTRO É
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:  